

A adxudicación da urbanización de Xaz superará os 29 millóns

Un novo superávit económico permite levar adiante 19 importantes obras

Páxinas 4 e 5



Concello de  Oleiros

Os campos de fútbol de Montrove, Os Regos e Iñás estarán preparados para o inicio da liga

Páxina 15

Vivir en Oleiros

Número 52
Xullo 2016
Toda a actualidade en:
www.oleiros.org

As obras de conexión do porto de Lorbé coa vía Ártabra rematarán no outono



Cinco bandeiras azuis recoñecen a calidade das praias de Oleiros

Páxina 10

A XXII edición de Alfaroleiros comeza o 3 de agosto

Páxina 20

A constancia dá os seus froitos

■ Logo de anos de insistencia por parte do Goberno local esixindo a realización das obras de conexión do Porto de Lorbé coa vía Ártabra, a Xunta de Galicia iniciou recentemente os traballos de asfaltado deste tramo, de pouco máis dun quilómetro e que ten unha importancia estratéxica para a economía local. O custo total desta obra supera o millón de euros, aínda que unha parte dos traballos xa estaban feitos e levaban anos paralizados. Está previsto que o vial quede aberto ao tráfico no mes de outubro.

José Manuel Sánchez proclámase campión de Europa de piragüismo

Páxina 16

A xestión do alcalde na Deputación permite que o Concello reciba o trato que lle corresponde

A caída do anterior Goberno provincial, que boicoteou e marxinou a Oleiros durante a pasada lexislatura, e a entrada do alcalde na Deputación permitiu que o Concello comezase a recibir un trato xusto, ademais de recuperar parte do arrebatado nesa época negra para os intereses do municipio. En menos dun ano, o Concello xa recibiu preto de 3 millóns de euros procedentes de fondos provinciais.

Páxinas 12 e 13

Como saber
onde
está todo
en
Oleiros

AXENDA
Páxina 23



Alternativa dos Veciños

O compromiso dun Goberno

Levamos anos realizando un traballo honesto e rigoroso no noso municipio. A nosa xestión, baseada desde sempre na participación e no contacto directo cos veciños, permitiu a construción colectiva dun modelo municipal único cheo de benestar. Pero os importantes avances acadados non implican que non teñamos conciencia de todo canto queda por facer. Precisamente por iso, asumimos o Goberno coa maior das responsabilidades debido ao extraordinario apoio recibido nas últimas eleccións. O cumprimento do programa co que nos presentamos aos

últimos comicios é para nós un compromiso inquebrantable e estamos a facer realidade moitos dos proxectos dos que falabamos. O novo superávit económico e a nosa presenza na Deputación da Coruña posibilitan contratar obras a unha maior velocidade do normal, o que se plasma nun rápido incremento dos niveis de calidade dos servizos e das infraestruturas públicas. Estamos satisfeitos de ter dado pasos importantes nos últimos meses e tal é así que nos vindeiros días veredes como dan comezo algúns dos proxectos dos que falabamos: o carril bici

de Santa Cruz a Mera, o paseo de Santa Ana a Canide, a urbanización de Xaz, a mellora da rede de augas en Oleiros e Montrove, o gran parque de Bastiagueiro, a cuberta da Lagoa de Mera... Pero todo este progreso non sería posible sen tantas e tantas persoas que desde as distintas localidades do municipio traballan arreo por Oleiros. Elas e eles son os que fan posible este proxecto colectivo que tantas cousas positivas achega ás nosas vidas. Igual que os traballadores municipais que grazas á súa profesionalidade e á súa dedicación diaria contri-

búen ao ben común.

O traballo non está rematado, nin moito menos. Sabemos que queda moito por facer, que debemos mellorar moitos dos servizos existentes e que algunhas pequenas demandas, tan importantes ou máis que as grandes obras, non se poden realizar coa axilidade que sería preciso. A administración e a súa "burrocracia" frean en moitas ocasións o noso ímpeto. Pero independentemente dos obstáculos, seguiremos loitando coa mesma forza de sempre para seguir a construír este territorio singular e distinto.



Partido Popular de Oleiros / Grupo Municipal do PP no Concello de Oleiros

Grazas pola vosa confianza, grazas por votar a favor

En primeiro lugar desde o grupo municipal do Partido Popular queremos dar as grazas a todos os veciños e veciñas de Oleiros pola confianza maioritaria que nos concederon o pasado 26 de xuño co seu voto, un voto a favor do futuro que nos converteu na formación máis votada do concello, grazas. No noso concello as cousas seguen o seu curso cotián. Nestes

últimos meses o noso concello encóntrase nunha situación lamentable, no que a mantemento dos servizos se refire. O alcalde non responde ás preguntas e rogos que desde o noso grupo municipal realizamos pleno tras pleno, para que se resolvan as deficiencias de mantemento que saltan á vista de todos... O máis raro é que a maioría destas obras de conservación e mellora se

dotan de cartos para realizalas ano tras ano, sen saber onde van eses porque as obras non se realizan e os cartos se van... a onde irán?

Para nós o máis importante son os veciños, por iso, traballamos para a mellora de Oleiros, alcanzando importantes investimentos para o noso concello. Así temos asinada a finalización da vía Ártabra para rematar a unión co

Porto de Lorbe, o comezo da construción do tanque de tormentas que arranxe os problemas de pluviais en Santa Cruz, a construción dunha senda peonil entre o Colexio Cristo Rey e a rotonda das Pedreiras... A nós, preocupánnos os problemas dos veciños, traballamos para arranxalos, mentres o alcalde se dedica a traballar polos seus intereses persoais.



Grupo Municipal Socialista / Grupo Municipal PSdeG - PSOE no Concello de Oleiros

O grupo municipal do PSdeG-PSOE negouse a aportar a información do seu grupo



Bloque Nacionalista Galego / Voceiro do Grupo Municipal do BNG no Concello de Oleiros

A reformulación do modelo de transporte metropolitano na que están a traballar a Xunta e os concellos da comarca pode ser unha oportunidade para dar solución aos problemas detectados desde hai anos: malas frecuencias, horarios pouco axeitados, insuficiencia de liñas, pouca utilidade das conexións existentes... Porén, a decisión da Xunta de anunciar o seu plan para a entrada

dos autobuses metropolitanos no centro da Coruña sen contar cos concellos parécenos un feito grave nas formas, ademais dun erro: para que non sexa un fracaso o seu deseño ten que ser feito contando con todas as mans. Para o BNG iso implica contar tamén coa xente: hai plataformas cidadás de usuari@s, asociacións veciñais en toda a comarca, colectivos que traballan desde hai anos

na mellora da mobilidade... que deben ser escoitados.

Oleiros ten unha problemática propia de mobilidade que vén de moi atrás: o agravio histórico que padecen as parroquias situadas no norte, pero tamén a zona central (Oleiros, Montrove) ou o interior das parroquias de Nós e Iñás. Cómpre tratar tamén outros problemas: a falta de transporte as fins de

semana ou a conveniencia de ampliar horarios máis alá das 10 da noite, ou a negativa das empresas concesionarias (Cal Pita) a duplicar o servizo nas horas punta, obrigando a xente a ter que ir de pé, o cal en traxectos interurbanos é ilegal e moi perigoso. Por non falar das constantes avarías no funcionamento da tarxeta moedeiro.

EDITORIAL • Máis do mesmo

◆ O fracaso da XI lexislatura e a imposibilidade para chegar a acordos de Goberno tras os comicios do 20 de decembro precipitáronnos a un novo proceso electoral, coa súa campaña, o seu gasto e uns resultados que semellan a reiteración dun pluralismo parlamentario difícil de asumir para moitos á hora de pactar.

Os electores falaron o 20-D e apostaron por un mapa político diverso, dicíndolle “basta xa!” ao bipartidismo. É certo que houbo momentos nos cales se achegaron importantes logros para o progreso e o desenvolvemento do noso país desde a instauración da democracia, pero nas últimas lexislaturas vivimos un auténtico proceso de perda de valores éticos e ideolóxicos. Desvalixáronse as arcas do estado. Centos, miles de corruptos ao longo e ancho do país, colocáronnos ao pé do barranco e por riba queríannos culpar aos que, con gran esforzo, fixemos que o país fose para diante: desde as fábricas, desde as pequenas empresas, os autónomos, os gandeiros, a xente do mar, os funcionarios honestos... Moitos homes e mulleres que se deixaron e se deixan a pel día a día polo desenvolvemento da nosa sociedade.

O exceso de ego, a ambición persoal duns baróns coa barriga e os petos cheos, impediron que en España se formase un Goberno que rematase con esta sangría de dereitos, liberdades. Que rematase cos terribles recortes.

Alguns pensaron que as novas eleccións serían o impulso definitivo cara á Presidencia do Goberno, con *sorpassos* en cada recuncho: “*Vamos a por el PP*”, dixeron. Unha arenga que, non fixo senón levantar do sofá a unha boa

cantidade de votantes do Partido Popular, amosando así un claro descoñecemento da sociedade española. A campaña mediática foille coma anel ao dedo ao PP, no seu papel de vítima: “*¡Que vienen los rojos!*”, puideron dicir Rajoy e compañía. O señor Iglesias debería saber, pola súa orixe política, que a dereita sempre soubo usar coma ninguén os poderes que brinda estar no Goberno. Que lle pregunte ao ministro do Interior, señor Fernández Díaz!, utilizando os servizos de seguridade do Estado para perseguir e eliminar rivais políticos. Tácticas aderezadas con sibilinas enquisas feitas a medida de quen paga.

E con todo isto, atopámonos nunha encrucillada na que, a pesar do que digan os “expertos politólogos”, unicamente se xoga a desprestixiar o rival, sen pensar nos intereses das xentes deste país. Nada se sabe de quen nos vai gobernar e só temos tres combinacións para sacarnos do pozo no que estamos metidos:

1. PP, Ciudadanos, PNV e Coalición Canaria.
2. PSOE e Podemos coa abstención ou o apoio de Ciudadanos.
3. PSOE, Podemos coa participación de PNV, CDC, Coalición Canaria, Bildu e abstención de Esquerra Republicana. Sendo esta última, a máis difícil con diferenza.

Agardemos que a sensatez e o suposto interese que os nosos deputados deben amosar para a gobernabilidade de España leve ao tan ansiado pacto de Goberno. Non cabe a posibilidade dunhas terceiras eleccións. De ser, sen dúbida confírmase que é o momento de reformar a Constitución.

Ata ao teu can!



Lembra que nas zonas verdes e espazos públicos os cans non poden estar soltos

O Goberno local pon en marcha 19 proxectos con cargo ao superávit de 2015 ▼

■ No pleno ordinario do pasado mes de xuño quedou aprobada a proposta do Goberno local para a realización de diversas obras e servizos no municipio. O importe total de todas estas actuacións é de 1.202.804,84 euros. Os cartos proceden do superávit económico obtido no exercicio de 2015, froito da eficiencia e a rigorosidade na xestión dos fondos municipais que vén realizando o grupo de goberno. Esta partida especial permite levar adiante 19 proxectos, que comezarán a realizarse a partir do mes de setembro.

■ Mellora da eficiencia enerxética e outras actuacións na casa do pobo de Mera:

106.737,86 euros

O proxecto inclúe a ampliación da instalación, que pasará a contar cunha nova sala. Tamén se reparará a fachada, cambiaranse as fiestras por unhas de carpintería de aluminio e instalarase un sistema centralizado de calefacción a gas cunha caldeira de condensación de alto rendemento.

■ Mantemento dos paramentos verticais, carpinterías e outros na Casa Charry:

62.260,86 euros

Pintarase a fachada do edificio, acometerase a reparación da cuberta e realizaranse outras obras que afectan ás paredes interiores e ás fiestras.

■ Mantemento da plataforma peonil na rúa Celso Emilio Ferreiro desde a rúa Fieiteira ata o faro de Mera:

82.300,34 euros

Entre outras tarefas, repararase o pavimento e as cunetas, construírse un pequeno muro de contención e realizarase a limpeza e a roza da zona.

■ Construción dun muro de contención no parque da Liberdade de Nós:

29.201,81 euros

A nova construción será de formigón revestido de pedra tipo Santiago. O muro levantarase na parte dianteira do parque e daralle continuidade ao que xa existe diante da casa do pobo.

■ Mellora da iluminación no paseo de Espiñeiro:

65.858,40 euros

Dotarase o servizo de iluminación pública á parte do paseo marítimo de Mera que transcorre polas proximidades da praia de Espiñeiro. Instalaranse luminarias de tecnoloxía LED para reducir custos.

■ Ampliación do parque infantil de Canide:

63.323,73 euros

O proxecto supón a incorporación de novos xogos infantís para diversos tramos de idades e a instalación dun novo pavimento de caucho para mellorar a seguridade dos nenos e nenas.



■ Mantementos varios na Casa da Gardesa no parque das Torres de Santa Cruz:

59.809,54 euros

Con esta obra tratarase o repintado das fachadas, a reparación das carpinterías exteriores, a limpeza exhaustiva da cuberta e outras actuacións no interior do inmoible.

■ Renovación de catro paneis informativos en Santa Cruz, Nós, Oleiros e Dexo:

78.127,28 euros



Os paneis electrónicos informativos que existen actualmente na rotonda do Haley, nas proximidades da Casa do Concello, na avenida Salvador Allende e na casa do pobo de Lorbé serán substituídos polos novos modelos que xa hai noutros lugares do municipio. Estes novos luminosos permiten máis posibilidades para informar os veciños sobre actividades e outros asuntos de interese xeral.

■ Pavimentación da rúa do Cruceiro e do acceso ao campo de fútbol de Iñás:

142.550,43 euros

As obras nestas dúas vías consistirán na realización de tarefas de preparación do terreo, pavimentación, drenaxe e sinalización viaria. Igualmente acometerase a preinstalación da rede de iluminación pública e telecomunicacións, incluíndo canalizacións e arquetas.

■ **Construción do peche na Finca Tenreiro:**

74.591,71 euros

Para garantir a seguridade dos elementos arquitectónicos da Finca Tenreiro, que están a ser restaurados e conservados polo Concello de Oleiros, construírse un muro de cachotería coa pedra do antigo peche da finca e con outra nova de similares características. Unhas forxas rematarán o peche pola parte superior.



■ **Reparación das pasarelas metálicas da avenida Che Guevara en Bastiagueiro:**

45.754,15 euros

Realízanse diversos traballos de mellora e restauración das estruturas metálicas e do formigón das dúas pasarelas existentes na zona de Bastiagueiro.

■ **Reparación das sendas nos parques da Pezoca, Santa Leocadia e outros:**

60.357,12 euros

As obras afectarán aos parques da Pezoca, Santa Leocadia, da Pardela e o acceso á praia do Casal, en Bastiagueiro, e consistirán na reparación e limpeza das sendas, varandas e demais elementos existentes.

■ **Nova EDAR na urbanización O Xunqueiro:**

169.617,81 euros

A depuradora que se vai instalar mellorará notablemente as condicións medioambientais do actual sistema e tamén reducirá de xeito considerable os custos económicos de mantemento.

■ **Redacción do proxecto da rotonda de Santa Cruz:**

19.360,00 euros



Será o primeiro paso para a posterior construción desta infraestrutura viaria que aliviará os problemas de circulación na confluencia das rúas Concepción Arenal, Ricardo Cubeiro e da avenida Emilia Pardo Bazán.

■ **Reforzo da iluminación como mellora da seguridade viaria en diversos puntos do Concello:**

40.199,00 euros.

A instalación das novas luminarias realizarase nas rúas Subiña, Pexegueiro, A Ferrala, Viñas de Babilonia, Xabrón-Requeno, Castelo, Areosa e Comba.

■ **Corrección da enerxía reactiva no bombeo da ferverza do parque José Martí:**

1.913,47 euros



Coa entrada en funcionamento dos novos equipos producirase un aforro anual na factura eléctrica da fonte de 2.000 euros.

■ **Pavimentación dos accesos peonís da piscina de Perillo:**

29.474,75 euros

Recolocaranse os lastros existentes para conseguir un solo uniforme que permita unha pisada cómoda.

■ **Pavimentación das vías das instalacións de Servizos Municipais:**

39.600,87 euros

A actuación consistirá na renovación da capa de rodaxe e noutras actuacións complementarias.

■ **Mellora na iluminación mediante o sistema LED na avenida das Mariñas, avenida Che Guevara, paseo do Espigón e outros:**

31.765,71 euros

Esta partida é unha achega municipal para o Plan de Medio Ambiente da Deputación da Coruña que consistirá na renovación de luminarias en distintos puntos do concello.



Oleiros coas persoas refuxiadas

A última fase do carril bici de Santa Cruz a Mera comezará a finais do verán ▼

■ A Deputación financiará con máis de 1 millóns de euros a finalización deste proxecto iniciado polo Concello

◆ A construción da última fase do carril bici de Santa Cruz a Mera comezará a finais do verán. As obras contemplan o acondicionamento definitivo e asfaltado das explanacións que se están a realizar desde Arillo ata Mera, así como a construción dos tramos inexistentes que quedan pola marxe esquerda da estrada desde Augarrío ata a casa do pobo de Dorneda e pola marxe dereita desde Breixo ata Canide.

O custo desta segunda fase das obras supera o millón de euros e estará financiado pola Deputación da Coruña. O Concello inciou a primeira fase do proxecto con fondos municipais (900.000 euros), malia que sería a Xunta de Galicia a administración que debería realizar a obra por ter a titularidade sobre esa estrada. Os veciños e veciñas cederon gratuitamente os terreos para que a creación destes accesos fose posible.



■ O gran paseo que existirá desde Perillo ata Mera encherá de vida o municipio

A piques de rematar as beirarrúas na estrada de Meirás ▼

◆ Completada xa a primeira parte das obras de construción de beiravías na estrada de Meirás, no tramo que vai desde Abeleiras de Arriba ata Os Tornos, os traballos proseguirán durante as vindeiras semanas entre o cruce de Abeleiras e Santa Cruz. A creación desta importante infraestrutura para a seguridade viaria das persoas realizarase a ambas marxes da estrada, dándolle continuidade ás zonas nas que xa hai beirarrúas. O investimento total deste proxecto, sumando todas as actuacións realizadas, é de 300.000 euros.



■ As obras, desde Santa Cruz ata Abeleiras, continuarán nas próximas semanas

Unha técnica municipal visitará aos propietarios para construír novas beiravías peonís ▼

◆ O Goberno municipal xa traballa na construción de novas beirarrúas en distintas estradas do municipio que carecen desta importante infraestrutura para a seguridade dos veciños e veciñas. Para informar aos propietarios e tramitar as correspondentes cesións de terreo precisas para as obras, o Concello de Oleiros contratou unha técnica que xa inciou os traballos hai varias semanas.

Tan pronto como os terreos precisos para realizar as beirarrúas na avenida de Venezuela, na estrada de Lñás e na estrada da Besta - que conecta o centro de Mera coa vía Ártabra- pasen a disposición municipal, a Deputación da Coruña abordará as obras. Uns proxectos que no caso de Mera, ademais da creación das beirarrúas, implicará a ampliación da estrada que pasará a ter 7 metros de ancho.



■ A avenida de Venezuela é unha das estradas nas que se acometerán estas actuacións

A limpeza de solares é unha obriga ►

EVITA MULTAS

As obras da urbanización de Xaz e do campo de golf comezarán en outubro ▶

◆ Nas primeiras semanas do outono iniciaránse os traballos de urbanización de todo o ámbito do Plan parcial da urbanización de Xaz e a construción do campo de golf. Nos vindeiros días realizarase a adxudicación dos traballos de urbanización por un importe de 21 millóns de euros. As obras do campo de golf realizaráas o adxudicatario do mesmo e supoñen un investimento doutros 8 millóns de euros.



As obras de urbanización e construción do campo de golf superarán os 29 millóns de euros.

A Xunta de compensación está a rematar o prego de condicións da venda do solo de para a execución da obra e da actividade do campo de golf que se aprobará pola asemblea de propietarios. Simultaneamente realizarase a aprobación definitiva do proxecto de compensación, o que permitirá o inicio dos traballos.

A superficie afectada polo Plan parcial de Xaz abrangue unha área de 1.100.000 metros cadrados dos que o Concello de Oleiros pasará a ser propietario de máis de 300.000, que se destinarán a zonas verdes e equipamentos sociais e deportivos públicos. A administración local tamén terá o 10% do solo das futuras vivendas.



O Concello expropia por 135.000 euros a finca de detrás da casa da praia de Bastiagueiro ◀

◆ O Concello de Oleiros procederá á expropiación da parcela cualificada no Plan xeral como zona verde por 135.492,67 euros. O terreo atópase encravado no medio doutros terreos coa mesma cualificación de zona verde e espazo libre do sistema xeral do parque de Bastiagueiro. A superficie que ocupa é de 895 metros cadrados e ten unha construción de madeira.

■ O terreo atópase encravado no medio do aparcamento máis próximo á praia

A urbanización da Corredoira das Viñas estará rematada en 2017

◆ Nos vindeiros días quedará resolto o expediente de adxudicación das obras de urbanización da Corredoira das Viñas, que ascenden a 1,4 millóns de euros. A obra comezará no mes de setembro e está previsto que finalice nos primeiros meses de 2017. Coas obras abriranse novas rúas e crearanse zonas verdes e equipamentos deportivos. O ámbito desta urbanización ten unha extensión de 23.000 metros cadrados. Está prevista a construción de 5 edificios de pisos e 25 vivendas unifamiliares.

	VIVENDAS UNIFAMILIARES		ZONAS VERDES E ESPAZOS PÚBLICOS
	VIVENDAS COLECTIVAS		PARCELA DE EQUIPAMENTOS PÚBLICOS



Un terrorista ecolóxico atenta contra unha árbore centenaria do Carballo

■ *O criminal está identificado e terá que asumir unha importante sanción económica*

◆ As árbores públicas do Concello de Oleiros sufriron novos ataques nas últimas semanas. Un plátano centenario do Carballo e un tanzán e outro plátano na zona das Galeras foron atacados polos delinquentes ecolóxicos. No caso do Carballo, o terrorista realizou cinco buratos de grandes dimensións na base da árbore polos que introduciu herbicida en repetidas ocasións. Nas Galeras o método empregado foi o mesmo pero, neste caso, taparon con cortiza os orificios para camuflar o ataque.

Para denunciar estes atentados contra o patrimonio de todos os veciños e veciñas, o Concello de Oleiros instalará unha árbore de ferro no Carballo e outra nas Galeras. Con esta estrutura denúnciase a proximidade dos infractores ecolóxicos que atentan contra as árbores de todos.



■ A árbore atacada no Carballo tiña a finalidade de adornar a antiga liña

Xa poden pagarse actividades, taxas e impostos desde dispositivos electrónicos

■ *A sede electrónica do Concello de Oleiros permite realizar pagamentos a través de ordenadores e teléfonos móbiles*

◆ Os diferentes modelos de autoliquidacións tributarias, así como as correspondentes ás actividades culturais, deportivas e de servizos sociais xa poden pagarse directamente desde o enderezo da sede electrónica do Concello: <http://sede.oleiros.org>. Calquera veciño pode xerar o documento e pagalo directamente con calquera tarxeta de crédito ou débito. O sistema tamén ofrece a posibilidade de descargar a autoliquidación e pagala nunha oficina bancaria ou nun caixeiro automático.

A plataforma de pago cumpre con todos os requisitos establecidos nas diferentes normativas para que calquera veciño ou veciña poida realizar os seus pagos de xeito totalmente seguro. O único requisito que se esixe é a identificación da persoa usuaria mediante PIN, DNI electrónico ou certificado dixital.

Desde a sede electrónica tamén se poder realizar o pago de todos aqueles recibos tributarios que non están domiciliados. Mesmo no caso daqueles que se atopan fóra de prazo, xa que o sistema calcula as penalizacións correspondentes en cada caso.

O novo camión contra incendios e o equipo de excarceración xa están preparados para atender as emerxencias do municipio ▼



◆ O Concello de Oleiros xa ten un novo camión contra incendios, dotado das últimas tecnoloxías e dun equipo de excarceración. A Xunta de Galicia boicoteou en repetidas ocasións as solicitudes realizadas polo Goberno local para que Oleiros dispuxese deste camión, acorde ás necesidades dun concello de 40.000 habitantes. Os 225.000 euros que costou o vehículo non lle corresponde pagalos ao Concello, polo que amparándose na ordenanza fiscal sobre contribucións especiais liquidaráselle a UNESPA (Unión Española de Entidades Aseguradoras y Reaseguradoras).

A familia Fernández Flórez doa un valioso conxunto de mobles dos anos 30 ▼



◆ Os herdeiros de María Genoveva Flórez Pérez e Luis Fernández Vega: María Mercedes, Luis Manuel, Aurelio e Victoria Fernández Flórez, doaron ao Concello de Oleiros un valioso conxunto de mobles de comedor formado por unha mesa, 6 cadeiras, unha vitrina, un aparador e dous sillóns. Os mobles son da década dos 30 e contan cunhas tallas de alta calidade artística firmadas por J. Liste, un artesán ebanista afincado en Santiago naqueles anos.

Os médicos de Solidariedade Galega que se desprazarán a Chiapas contarán co apoio de Oleiros ▼



◆ O Concello de Oleiros cooperará cun novo proxecto da ONG Solidariedade Galega no que se desenvolverán tarefas de atención médica nun hospital rural situado en Altamirano, en Chiapas. O 95% dos pacientes que acoden a este centro hospitalario son indíxenas e dispoñen de escasos recursos económicos para poder acceder a unha atención sanitaria digna.

Debido ao illamento no que se atopa a localidade que alberga este hospital, resulta moi complicado atopar médicos que poidan traballar no centro. É por iso que misións como a que vai desenvolver o equipo de médicos voluntarios de Solidariedade Galega ten unha elevada importancia. As especialidades que se pretenden cubrir nesta viaxe son as de cirurxía xeral, uroloxía, xinecoloxía, anestesioloxía, medicina interna e pediatría.

O Hospital San Carlos promove a saúde cun enfoque intercultural baseado na calidez. Céntrase, principalmente, na atención da poboación indíxena para contribuír ao seu desenvolvemento físico e social. Os elevados índices de mortalidade existentes na rexión supoñen un reto importante para a expedición de médicos galegos que se desprazará no outono.

Solidariedade Galega é unha organización non gobernamental sen ánimo de lucro que presta asistencia sanitaria e social a aquelas persoas desfavorecidas en países en vías de desenvolvemento que non teñen posibilidades de recibir unha asistencia médico-sanitaria especializada. Esta ONG tamén colabora na formación de profesionais no eido da sanidade, da educación e demais campos sociais que afectan ao desenvolvemento das persoas.

A mostra "Refuxiados sen camiño" de Gabriel Tizón, no parque José Martí ata finais de xullo ►

◆ A exposición fotográfica "Refuxiados sen camiño" do fotoxornalista Gabriel Tizón permanecerá no parque José Martí de Perillo ata que remate o mes de xullo. Trátase dunha serie de imaxes tomadas durante cinco viaxes nos que o autor amosa as penurias ás que se teñen que enfrentar os milleiros de persoas que se ven obrigadas a escapar dos seus países polas guerras creadas polos gobernos terroristas de occidente. A mostra está formada por un total de 24 paneis cos que Tizón pretende darlle voz aos protagonistas desta traxedia. O Goberno municipal continúa denunciando a situación na que se atopan moitas persoas refuxiadas e que persiste, a pesar do silencio mediático.

Unha exposición fotográfica e un concerto amosarán a cultura de Cabo Verde



■ O grupo caboverdiano Batuko Tanbanka actuará na Fábrica a última fin de semana de setembro

◆ O centro cultural A Fábrica, de Perillo, acollerá entre os días 19 e 30 de setembro a exposición Galicia-Cabo Verde: Unha Irmandada, promovida en colaboración co Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade. A mostra estará acompañada da actuación da agrupación musical Batuko Tabanka e dunha charla informativa sobre Cabo Verde.

A exposición fotográfica, do autor Róber Amado, parte da viaxe dun mes por 6 das 10 illas que compoñen o arquipélago caboverdiano, visitando os principais proxectos apoiados polo Fondo Galego durante os 11 anos de cooperación con Cabo Verde. As súas instantáneas mesturan viaxes da vida diaria das persoas que se viron beneficiadas polos proxectos apoiados, que no seu conxunto nos achegan á realidade do país.

Pola súa parte, Batuko Tabanka é unha agrupación musical composta por doce mulleres caboverdianas radicadas en Burela, que reivindicán a música tradicional de Cabo Verde e a necesidade de difundir a cultura e tradicións do seu país dentro do tecido social galego. O ruído rebelde de Batuko Tabanka dura tempo suficiente para poñer a pel de galiña a quen escoite estas batukadas, coladeiras, mornas... mesturadas co salseiro cantábrico que achega Galiza.



Cinco bandeiras azuis recoñecen a calidade dos areas de Oleiros ▼



■ Bastiagueiro recibiu un pano especial polos 30 anos consecutivos de Bandeira Azul

◆ Os mellores areas da comarca atópanse en Oleiros. As praias de Santa Cristina, Bastiagueiro, Naval, Mera e Espiñeiro locen a Bandeira Azul este verán. O organismo internacional que outorga este distintivo quixo recoñecer desta maneira a calidade dos nosos areas, igual que a Xunta de Galicia que elixiu Bastiagueiro para celebrar a cerimonia de entrega dos panos. Precisamente nese acto, a propia praia de Bastiagueiro foi distinguida cunha bandeira especial por ser unha das sete praias de toda España que levan recibindo este galardón de xeito ininterrompido durante os últimos 30 anos.

O traballo serio e rigoroso que leva desenvolvido o Goberno local neste ámbito posibilita que Oleiros se atope entre os municipios galegos con máis bandeiras azuis para este 2016. Os múltiples servizos cos que están dotadas todas as praias do municipio, a calidade das augas e o excelente estado de conservación dos contornos da praias e de todo o litoral explican este importante recoñecemento. Ademais, a ordenanza do uso das praias, pioneira en Galicia, contempla unha normativa que garante a convivencia e a seguridade dos bañistas.



■ Os controis confirman que a praia de Santa Cruz ten unha calidade da auga excelente

A calidade da auga en Santa Cruz é excelente

Ante a negativa da Xunta de Galicia de realizar controis para comprobar a calidade da auga na praia e Porto de Santa Cruz, o Concello de Oleiros contratou os servizos da empresa Avanza-Lab para realizar análises periódicas entre os meses de maio e setembro. Os resultados das mostras de maio, xuño e xullo indican que a calidade da auga é excelente. Os datos científicos confirman que os episodios de contaminación son puntuais e se producen exclusivamente os días de abondosas precipitacións pola insuficiencia do actual bombeo e as conexións ilegais dos veciños á rede de recollida de augas pluviais. O Goberno local leva varios anos demandándolle á Xunta de Galicia que constrúa un tanque de tormentas para solucionar definitivamente este problema e, por fin, a obra xa está en fase de contratación. O importe total ascende a 3.800.000 euros e a Unión Europea financia o 80%.

ÍNDICES ESTABLECIDOS POLA UNIÓN EUROPEA PARA AUGAS COSTEIRAS

Parámetro	Calidade excelente	Calidade boa	Calidade suficiente
Enterococos intestinais (UFC/100ml)	100	200	185
Escherichia coli (UFC/100ml)	250	500	500

Descrición del envío:		Referencia externa:			
P-2 DESEMBOCADURA RIO,					
Tipo de muestra: Agua marina					
Nº de referencia	Nº de registro	Fecha de recepción	Inicio de ensayo	Fin de ensayo	Fecha de informe
1021713	00001021713/16	02/06/2016	02/06/2016	06/06/2016	08/06/2016
Parámetro	Resultado	Unidades	Método		
Escherichia coli β-glucuronidasa +, det. y recuento	41	ufc/100ml	Filtración de membrana MIT-7.5-01-32		
Enterococos, detección y recuento	40	ufc/100 ml	Filtración de membrana MIT-7.5-01-03		

Descrición del envío:		Referencia externa:			
DESEMBOCADURA DO RIO, P2 ANALISIS CALIDAD AGUAS DE BAÑO					
Tipo de muestra: Agua marina					
Nº de referencia	Nº de registro	Fecha de recepción	Inicio de ensayo	Fin de ensayo	Fecha de informe
1022631	00001022631/16	06/07/2016	06/07/2016	08/07/2016	08/07/2016
Parámetro	Resultado	Unidades	Método		
Enterococos, detección y recuento	100	ufc/100 ml	Filtración de membrana MIT-7.5-01-03		
Escherichia coli β-glucuronidasa +, det. y recuento	200	ufc/100ml	Filtración de membrana MIT-7.5-01-32		
Comentario: el resultado se interpreta como "presencia inferior a 400 ufc"					

As análises confirman que non existe contaminación ▶

A Oficina de Información Turística de Santa Cristina e a Aula do Mar de Mera permanecerán abertas ata final de ano

■ Coa chegada do verán o Concello de Oleiros procedeu á reapertura da Oficina de Información Turística de Santa Cristina e da Aula do Mar de Mera. En ambos casos o horario de atención ao público durante a tempada estival é de martes a sábado de 10:30 a 14:00 h e de 17:00 a 20:00 h, e os domingos de 10:00 a 15:00 h. Unha vez rematado o verán, ambas dependencias permanecerán abertas polo menos ata finalizar o ano, aínda que cun horario máis reducido.

◆ A Oficina de Información Turística atópase situada no paseo marítimo da praia de Santa Cristina. Ao prolongar a súa actividade ata decembro vai permitir dar a atención necesaria aos visitantes e planificar e desenvolver outras actuacións de traballo. No caso da Aula do Mar, situada na antiga casa do fareiro de Mera, esta servirá de punto de atención para os numerosos visitantes que se achegan ata ese emblemático lugar durante todo o ano.

Para este verán ofertaranse visitas guiadas polo Monumento Natural Costa de Dexo - Serantes e polo castelo de Santa Cruz. Esta actividade, na que colaborará o CEIDA, posibilitará que os turistas que se acheguen ata Oleiros poidan coñecer dun xeito máis profundo os principais atractivos turísticos existentes no municipio.



■ A Aula do Mar recibe os visitantes que se achegan ata a zona do Faro

O Concello contrata 70 persoas para manter a calidade dos servizos durante o verán ▼

◆ Para afrontar da mellor maneira posible o incremento de persoas que se produce no verán no municipio e continuar ofrecendo uns servizos de calidade a todos os veciños e veciñas, o Concello de Oleiros contratou un total de 70 persoas: 38 persoas para o Servizo de Salvamento e Socorrismo, 4 auxiliares de policía, dous técnicos de turismo, 9 persoas para diversos departamentos do Concello e 17 para diversas funcións grazas aos convenios asinados

polo Goberno local con outras administracións. O acordo asinado coa Deputación posibilita a contratación de 9 persoas para a limpeza das praias, mentres o convenio coa Xunta de Galicia permite que 5 persoas receptoras da RISGA poidan ter un traballo realizando tarefas de limpeza viaria no municipio durante 7 meses. Tamén se conseguiu a contratación de tres socorristas para o Servizo de Salvamento das praias.

Un novo obradoiro de emprego continuará co acondicionamento da Finca Tenreiro ▶

◆ Un novo obradoiro de emprego continuará a partir do mes de setembro coas tarefas de acondicionamento iniciadas na Finca Tenreiro. Un total de 20 persoas en situación de desemprego formarán parte desta actividade formativa que lles permitirá recibir unha remuneración mensual de 648,56 euros. Tamén serán contratadas outras seis persoas que desempeñarán as tarefas de educación, administración e xestión do obradoiro.

Nesta ocasión, o alumnado do obradoiro participará nas especialidades de carpintería e albanaría. Dese xeito poderase dar un paso máis na recuperación do edificio principal da finca, unha auténtica xoia arquitectónica. Ademais, as persoas que aprenden viveirismo e xardinería no Centro Municipal de Formación da Carballeira realizarán as súas prácticas nesta propiedade municipal.



■ Está previsto que as tarefas do obradoiro comecen no mes de setembro

INFÓRMATE DA ACTUALIDADE MUNICIPAL

Subscríbete ao **servizo de novas do Concello de Oleiros** ▶

e recibirás diariamente, de xeito automático e gratuíto, toda a información municipal no teu correo electrónico. Desde a páxina principal da web municipal, www.oleiros.org, poderás acceder ao formulario de subscripción para darte de alta neste servizo.

Fondos provinciais


■ **O Concello recibe 2,8 millóns de euros no primeiro ano do alcalde como deputado provincial**

◆ O Concello de Oleiros recibiu historicamente un trato discriminatorio por parte das demais administracións públicas. Os comportamentos partidistas e clientelares que aínda persisten a día de hoxe nos gobernos de vez provocan graves prexuízos para os veciños e veciñas do municipio. Especialmente daníña foi a pasada lexislatura do Goberno provincial na que, cunha política caciquil e de dubidoso sustento legal –arrebátáronse a dedo máis de 62 millóns de euros–, arrebátáronse a Oleiros boa parte dos fondos que lle correspondían polo número de habitantes que ten o concello, extensión territorial, esforzo fiscal, etc.

Por sorte, o resultado das últimas eleccións municipais permitiron cambiar esa inxusta situación ao caer o Goberno presidido por Diego Calvo. Oleiros está agora representado no organismo provincial polo seu alcalde, que desde a súa posición de Deputado está a velar porque o Concello reciba un trato xusto e por recuperar parte do arrebatado durante esa lexislatura negra. O arduo traballo que se está a desenvolver na Deputación da Coruña permitiu, en nove meses, a contratación de importantes obras e a recepción de fondos para diversos fins que suman **2.854.426,78 euros**.

■ Ampliación da estrada DP-5815 (A Besta):	*pendente da cesión de solo	613.982,24 euros
■ Senda litoral entre Santa Ana e Canide:		373.734,99 euros
■ Cuberta do parque da Lagoa de Mera e outras actuacións:		325.137,27 euros
■ Préstamo a un xuro do 0%:		229.315,99 euros
■ Reforma do semisoto da Escola Municipal de Danza:		195.538,42 euros
■ Gastos correntes:		183.383,23 euros
■ Aparcadoiro no acceso á praia de Naval:		133.584,68 euros
■ Vestiarios e peche no campo de fútbol de Iñás:		125.000 euros
■ Renovación da rede de augas na avenida Valle Inclán:		105.076,73 euros
■ Renovación da rede de augas na rúa do Pazo:		90.729,83 euros
■ Mellora na seguridade viaria nas estradas DP-5810 (rúa Casares Quiroga) e DP-5805 (rúa Bastiagueiro Praia):		85.072,09 euros
■ Aparcadoiro de Bastiagueiro:		79.997 euros
■ Programa básico de inserción social:		40.981,20 euros
■ Mellora na iluminación pública mediante sistemas LED:		38.154,09 euros
■ Renovación do bombeo de Aba (Lorbé):		29.885,65
■ Contratación de persoal para a limpeza de praias:		28.676,99 euros
■ Reforma da planta baixa de Servizos Sociais:		19.896,36 euros
■ Actividades de prevención, sensibilización e identificación da violencia machista:		18.891,52 euros
■ Programación cultural anual:		18.000 euros
■ Organización de competicións:		14.996,42 euros
■ Contratación de persoal para o Museo Os Oleiros, Aula do Mar e oficina de turismo:		24.571,55 euros
■ Servizo de Normalización Lingüística:		12.000 euros
■ XXII Edición de Alfaroileiros:		10.998 euros
■ Escola Municipal de Música:		10.000 euros
■ Escola Municipal de Danza:		10.000 euros
■ Contratación dun animador deportivo:		10.000 euros
■ Contratación dunha animadora cultural:		10.000 euros
■ Reforma e adquisición de mobiliario no Centro de lecer de Santa Cruz:		8.323,76 euros
■ Accións de promoción e material divulgativo:		5.499,60 euros
■ Obradoiros de Memoria:		3.000 euros

As obras de acondicionamento do parque da Lagoa inclúen a construción dunha gran cuberta na praza ▶



Cando remate o verán ▲ acometerase a ordenación do aparcamento de Bastiagueiro



A ampliación da estrada da ▲ Besta (DP-5815) incluírá a creación de beiravías por ambos marxes para o tránsito de peóns

◆ O Goberno local de Oleiros, pioneiro na cooperación internacional desde a administración local, sempre amosou unha responsabilidade política que vai moito máis alá dos límites territoriais do municipio. Seguindo esa liña de actuación, o alcalde e deputado provincial Ángel García Seoane presentou diferentes mocións para mellorar o conxunto da sociedade.

Precisamente grazas a unha delas, na que se reclamaba a posta en marcha dun protocolo de colaboración entre as administracións galegas para erradicar o plumacho e a avésa asiática do territorio galego, a Deputación da Coruña asinou recentemente un convenio de colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela para que os científicos

estuden os métodos de erradicación da avésa velutina. Para a realización destes traballos a universidade recibirá unha axuda de 125.000 euros.

Tamén se presentaron dúas mocións de denuncia de dous convenios asinados polo anterior Goberno, informados negativamente polo interventor provincial, e que supuxeron un grave prexuízo para as arcas públicas. Nun dos casos a Deputación adquiriu unha finca situada en Coristanco por 248.000 euros, cando o seu valor real era polo prezo de mercado 55.000 euros. Os mesmos gobernantes tamén pagaron 230.000 euros por unha exposición de coches que lle custa a calquera outra entidade 22.000 euros, tal e como verificou o deputado provincial por Oleiros.



Non quededes na casa! ▼

■ *O outono presentárase cheo de actividades*

SENDEIRISMO con VEN E DESCUBRE ▼



■ Os veciños e veciñas do municipio durante unha excursión

◆ O programa Ven e Descubre continúa coa súa programación de sendeirismo coas rutas dun día e as de fin de semana. As persoas que participan nesta actividade seguirán coñecendo o *País dos Mil Ríos* visitando o norte da provincia da Coruña coa ruta “*Entre fenicios e aves pola desembocadura do Sor e Estaca de Bares*”, na que verán as fermosas paisaxes do Barqueiro, e indagarán sobre a historia e a natureza na zona na que lindan o Atlántico e o Cantábrico.

Tamén se desenvolverán as dúas fins de semana de sendeirismo intensivo, nesta ocasión os Sendeiros de Outono lévannos a “*Entre Cíes e o Miño*”, unha espectacular aventura de dous días percorrendo o Parque Nacional de Illas Cíes e dende alí, ata a desembocadura do río Miño.

ACTIVIDADES OCUPACIONAIS ▼

◆ Na primeira semana de setembro publicarase toda a programación das actividades ocupacionais de pintura, tapices, encaixe de palillos, manualidades e costura. Trátase dun conxunto de obradoiros de expresión artística e artesanal dirixidos a todas as persoas maiores de 18 anos de idade veciñas do Concello de Oleiros.



■ O alumnado de pintura expuxo as súas creacións na Fábrica

ACTIVIDADES 60+ ▼

◆ A vida activa e os hábitos saudables das persoas maiores é un dos principais obxectivos que se persegue coas actividades que oferta o Concello de Oleiros ao longo de todo o ano. Existe un amplo abano de propostas en todas e cada unha das localidades do municipio para mellorar a condición física, social e cognitiva das persoas maiores de 60 anos, unha cuestión fundamental nun proceso de envellecemento activo. Os obradoiros de ximnasia, as clases de ioga e relaxación ou os obradoiros de memoria son un claro exemplo disto. No mes de setembro retomáranse todas estas actividades, creando novos grupos nas localidades que existe unha maior demanda e ofertando tamén nos lugares onde non se facían.



■ As alumnas do Obradoiro de Memoria de Mera impartiron clase de historia local no colexio Luis Seoane

PLAN DE IGUALDADE ▼



◆ Unha vez finalice o verán, seguirán a desenvolverse as actividades de Obradoiro do Corpo, Desenvolvemento emocional e Danza Espello, que forman parte do Plan de Igualdade do Concello de Oleiros. Ademais, está prevista a posta en marcha de novos obradoiros dirixidos a seguir traballando as emocións, o crecemento persoal e a confianza desde unha visión artística que contribúa ao fomento dunha sociedade baseada no respecto e na igualdade, enfocada no positivo, e creando redes de apoio.

IGUALDADE + RESPECTO = -VIOLENCIA

O céspede dos campos de Iñás, Montrove e Os Regos estará instalado para o inicio de liga

■ *O investimento nos tres recintos ascende a 1,3 millóns de euros*

◆ Nas próximas semanas finalizarán as obras de instalación de céspede artificial e rega automática nos campos de fútbol municipais de Iñás, Montrove e Os Regos. No caso do campo de fútbol de Iñás tamén se acometerá a construción duns vestiarios novos, un peche para o recinto e o asfaltado da vía de acceso.

Unha vez rematen as obras serán catro os campos de fútbol municipais dotados de céspede artificial para a práctica deportiva. Ademais, o Concello ten previsto construír outros dous novos nas localidades de Dorneda e Mera. No caso deste último, os terreos son de propiedade municipal e xa se fixeron algunhas obras para a mellora do terreo e da futura instalación do céspede. Pola súa parte, o de Dorneda realizarase en combinación coas obras de urbanización do campo de golf.



■ O campo de Montrove será o primeiro no que finalicen as obras



■ A construción dos vestiarios e do peche en Iñás poderá realizarse cunha subvención da Deputación



■ O investimento municipal nos Regos supera os 400.000 euros

O Concello adquire por 36.080 euros o campo de fútbol do Hércules de San Pedro ▶

◆ A petición do club de fútbol Hércules Sociedad Deportiva, que levaba a cabo a súa práctica deportiva nun campo de fútbol privado, o Concello de Oleiros presentouse á poxa que realizou a Fundación Juana de Vega para a venda deste patrimonio e adquiriuno por 36.080 euros. O citado campo, desde maio de titularidade municipal, estará a disposición do Hércules de San Pedro.



■ Con este son xa cinco os campos de fútbol municipais



◀ DAQUELES POLVOS...

ESTES LODOS ▶



José Manuel Sánchez proclámase campión de Europa de piragüismo ▶

◆ José Manuel Sánchez, xunto co seu compañeiro Tono Campos, venceu no Campionato de Europa de Maratón de Piragüismo que se celebrou hai uns días en Pontevedra. Sánchez e Campos superaron claramente a todos os seus rivais amosando o seu poderío sobre a canoa. A este importante triunfo no río Lérez hai que engadirle o Campionato de España conquistado no mes de maio por este extraordinario deportista. José Manuel Sánchez afronta agora as últimas semanas de preparación previas ao Campionato do Mundo que se celebrará en Alemaña os días 17 e 18 de setembro.

■ José Manuel Sánchez no podio do Campionato de Europa



Manel Villadóniga bicampeón de España de esgrima por sexta vez consecutiva

◆ O técnico e esgrimista do club 100tolos vai camiño de bater todos os récords dos Campionatos de España de Esgrima de veteranos. Hai uns días proclamouse campión nas modalidades de florete e espada. Na primeira das disciplinas dominou claramente de principio a fin e venceu con solvencia todos os combates. En espada os rivais puxéronllo algo máis difícil, aínda que Villadóniga tamén acabou conseguindo a vitoria. Ademais, hai uns días o 100tolos acadou o Campionato Galego por equipos na modalidade de Espada.

■ Villadóniga foi campión en florete e espada



O equipo júnior do Acordes faise co subcampionato estatal de Ximnasia Estética ◀

◆ As ximnastas do equipo júnior do Acordes proclamáronse subcampioas de España no Campionato Nacional de Ximnasia Estética. As novas deportistas rozaron a medalla de ouro ao rematar a tan só 0,033 puntos das primeiras clasificadas. Ademais, o equipo sénior do Acordes, no que tamén compiten ximnastas oleirenses, foi subcampión en categoría mixta.

■ O equipo júnior do Acordes tamén participou no Campionato do Mundo da República Checa

O futuro do voleibol español pasa polas mans de dúas oleirenses ▶

◆ A historia de Caliope García e Nerea Rey no mundo do voleibol está repleta de días de gloria. Con tan só 15 anos, Caliope xa xoga na Superliga 2 no CAEP Soria, está bolsada pola Federación e participará coa selección española júnior nun torneo internacional que se celebra en Portugal nas vindeiras semanas. Nerea Rey tamén acumula unha chea de éxitos no seu currículo deportivo, entre os que destaca o Campionato de España de Volei Praia. O ano pasado compartiron equipo e foron campioas de España. Este ano, tamén no mesmo conxunto, conseguiron o terceiro posto no Campionato Galego.

■ Caliope García e Nerea Rey foron terceiras no Campionato Galego



A final do torneo municipal de fútbol disputarase o 27 de agosto no Condús

◆ Nas vindeiras semanas arrinca a edición XLVI do Torneo de Fútbol Concello de Oleiros, unha das competicións máis antigas de fútbol afeccionado de todas cantas se celebran na comarca. Todos os clubs do municipio con equipo de modestos tomarán partida neste trofeo que se decidirá o sábado 27 de agosto no Eugenio Pardo Conchado. Como todos os anos, e con carácter rotatorio, o Concello asina un convenio de colaboración coas entidades participantes para a organización do campionato municipal, que supón un investimento de case 10.000 euros para os premios económicos dos clubs participantes.

O Concello achega 9.000 euros para os premios das regatas de traíñeiras de Perillo e Mera

◆ A V Bandeira Salgado Congelados que organizou o Club Regatas de Perillo celebrouse o sábado 16 de xullo en augas de Santa Cristina. A regata, puntuable para a Liga Galega de Traíñeiras A, contou coa participación de 11 tripulacións masculinas e 3 femininas. O Concello de Oleiros subvencionou esta proba con 5.400 euros, o 60% do total dos premios que a organización obriga a repartir entre os clubs participantes.

A regata de Mera terá lugar o sábado 13 de agosto. O Centro Deportivo Mariñeiro de Mera organiza a III edición da súa Bandeira Baía de Mera, na que competirán as 7 embarcacións da categoría B da Liga Galega e 3 equipos femininos. O Concello tamén achega o 60% dos premios desta regata, unha axuda que neste caso ascende ata os 3.600 euros.



■ A regata de Perillo celebrouse o 16 de xullo e a de Mera será o 13 de agosto

Iñás acolle unha nova edición do Trofeo de Patinaxe de Velocidade Concello de Oleiros

◆ O sábado 23 de xullo celebrouse o XIX Trofeo de Patinaxe de Velocidade Concello de Oleiros. As rúas do polígono de Iñás acollerán unha proba na que participarán uns 200 patinadores de Galicia, Portugal, Asturias e outras comunidades autónomas.

Os judocas do Club Oleiros conquistan nove medallas galegas



■ As medallas de ouro foron para Andrea García en infantís e Rubén Couce en cadetes

◆ O nome de Oleiros sonou con moita forza no Campionato Galego de Judo. Os loitadores e loitadoras do municipio completaron unha brillante actuación nesta competición logrando un total de nove medallas. As catro medallas en categoría infantil, unha de ouro, e as cinco en cadetes, con outro ouro, estiveron acompañadas de catro quintos postos e un sétimo. Ademais destes excelentes resultados, os judocas oleirenses estiveron acompañados por un nutrido grupo de afeccionados que non deixaron de animar durante toda a xornada.

As nadadoras do Acuatic Oleiros triunfan no autonómico de natación sincronizada ▼



◆ O Campionato Galego de Base de natación sincronizada saldouse cuns extraordinarios resultados para o Acuatic Oleiros. As nadadoras do equipo de base 1 foron subcampioas galegas, na rutina combinada de base 2 conseguiron unha medalla de bronce e Xiana Linnea Novoa Santos tamén subiu ao terceiro chanzo do podio na categoría base 1 individual.

■ As medallistas do Acuatic Oleiros no podio

Luismi Souza campión galego de remo en skiff



■ Luismi Souza é unha das grandes promesas do remo galego

◆ O remeiro do Club Regatas Perillo Luis Miguel Souza sumou un novo triunfo ao seu importante palmarés cunha medalla de ouro no Campionato Galego de remo na modalidade de skiff. Luismi superou con claridade a todos os seus rivais e clasificouse para o Campionato de España, onde ocupou a quinta posición.

As escolas municipais de danza e música ofrecen un magnífico festival no Teatro Colón



■ Os artistas das escolas municipais actuaron nun escenario acorde á súa extraordinaria calidade

◆ O marco incomparable do Teatro Colón da Coruña foi o escenario dun extraordinario festival das escolas municipais de música e danza do Concello de Oleiros. As máis de 800 butacas que dispón este maxestoso auditorio resultaron insuficientes para dar cabida a todos os veciños e veciñas de Oleiros que querían gozar do espectáculo. O uso da instalación xestionouno o alcalde como deputado provincial dado que este teatro é da Deputación.

Na primeira parte do espectáculo participaron os alumnos e alumnas da Escola Municipal de Danza coa seccións de Danza Moderna, Danza Clásica, Danza Contemporánea e Danza para adultos. Na segunda parte, a Orquestra e o Coro de Voces Brancas interpretaron o musical *A Bela e a Besta*. A Banda da Escola Municipal de Música pechou o festival coa interpretación das obras musicais *Connosco*, *Expedition*, *Lela*, *Granada* e *Hanníbal*.

A Banda da Escola Municipal de Música actuará na Rioxa

◆ A principios do vindeiro mes de outubro a Banda da Escola Municipal de Música do Concello de Oleiros participará no Festival de Bandas de Calahorra. Este desprazamento será o primeiro que realiza a agrupación municipal fóra de Galicia e que lles permitirá amosar o extraordinario traballo que veñen realizando desde hai anos. Con esta actuación tamén se corresponderá á visita que realizou a Banda de Calahorra recentemente a Oleiros para participar no XI Festival de Bandas.



■ A Banda Municipal tocará en outono na localidade de Calahorra ▶

O sábado 30 de xullo celébrase o Basticore 2016 ▼

◆ O festival Basticore 2016 terá lugar na pista de skate de Bastiagueiro o sábado 30 de xullo. A primeira hora da tarde comezarán as actuacións musicais, que amenizarán a tradicional exhibición e concurso de monopatín. A entrada é gratuíta e os grupos que actuarán nesta edición son: Zangief, Kings of the beach, Truth or consequences, Trono de Sangre, Glitch Girl, Saint Clementine, Verano, We've got enemies, Morgen, Lluvia de Ciervos e Ment.

A actividade da Escola Municipal de Danza continúa nas vacacións dos nenos coas aulas de verán ▼

◆ A Escola Municipal de Danza ofrece durante o verán obradoiros de danza, dramatización, expresión corporal e outras manifestacións artísticas a través da actividade lúdica, promovendo as artes escénicas como unha actividade máis dentro do tempo de lecer da infancia e da xuventude. As aulas de verán son unha experiencia que trata de abrir os espazos e as artes escénicas relacionadas coa danza á poboación xeral a partir dos seis anos de idade, e que tamén procura pulsar a demanda infantil e xuvenil nos ámbitos escénicos.



Os mellores estudantes de matemáticas de Europa son de Oleiros ▼

◆ Oito estudantes do segundo curso da ESO do Instituto María Casares proclamáronse campións de Europa no Rally de Ciencias e Matemáticas sen Fronteiras que se celebrou na cidade francesa de Toulouse. A profesora Consuelo Castro foi a coordinadora deste brillante grupo formado por Nicolás Sánchez, Ignasi Colominas, Marcos Alfonso Díaz, Elisabeth Cutillas, Lucía Fernández, Marta García, Aroa Gutiérrez e Ángel Otero. A mestra xa dirixira o ano pasado o equipo de terceiro da ESO que tamén se proclamara campión galego e europeo de matemáticas.

Dúas excursións percorreren o Camiño de Santiago e a Costa da Morte ▼

◆ A oferta de actividades culturais vinculadas ao coñecemento, ao gozo e ao aproveitamento da natureza como patrimonio cultural é moi ampla. Para o comezo do outono, o Concello de Oleiros xa ten programadas dúas interesantes excursións pola xeografía galega.

A primeira das excursións realizarase o día 24 de setembro e o destino será a etapa do Camiño de Santiago que transcorre desde Triacastela ata Sarria. A distancia a percorrer é de 22 quilómetros, podendo visitar numerosas xoias arquitectónicas e naturais durante a camiñada.

O 22 de outubro realizarase unha visita ao Museo Etnolóxico de Galicia para posteriormente realizar a ruta que comunica Ponteceso con Corme e a Punta de Roncudo. O percorrido permite gozar de interesantes mostras do Patrimonio Natural e Cultural de Ponteceso e da Costa da Morte, como a enseada da Insua e a Pedra da Serpe.

Cada unha destas excursións ten un prezo de 16 euros para persoas empadroadas e de 20 para non empadroadas. Están dirixidas a público adulto, aínda que poden participar mozos e mozas maiores de 14 anos acompañados dun adulto. O número de prazas é limitado, tendo preferencia as persoas empadroadas no concello. As persoas interesadas en obter máis información poden chamar ao 981 610 000 ou dirixirse ao enderezo electrónico cultura@oleiros.org.



■ As persoas que participen na etapa do Camiño de Santiago poderán visitar o Mosteiro de Samos

O proxecto Apego chega a Oleiros ▼



◆ O Concello de Oleiros sumouse ao proxecto Apego co fin de promover a transmisión interxeracional da lingua galega, mediante a sinatura dunha addenda ao protocolo de colaboración o 9 de abril entre os 23 concellos que forman parte deste. O programa Apego está dirixido a quen espera a chegada dun bebé ou ten un neno ou unha nena de entre 0 e 6 anos e o seu obxectivo, nun intento de contribuír ao freo do desuso do galego, é que aumente o número de crianzas que adquiren esta lingua como inicial e que manteñan o seu uso ao medraren, axudar á socialización en galego e propoñer o uso da lingua galega para crear vínculos coa familia, xa que a lingua de cada pobo é un tesouro irrepitible e tamén é a cerna que lle permite existir e descubrir o mundo.

As familias que queiran inscribirse no programa e vaian ter un bebé recibirán unha caixa de benvida que conta cun boneco Apego, un álbum, un medidor, un libro informativo e un adhesivo para o vehículo. Cando o bebé naza poderá recoller un CD, unha compilación de dez cancións de música infantil en galego de grupos e estilos diversos: María Fumaça, Mamá Cabra, Uxía, Olga Brañas, As Maimiñas, Pablo Díaz, Os Tres TENedORES, Susa Herrera e Pirilampo. O proxecto conta cun espazo web (www.apego.gal) no que podemos consultar as actividades levadas a cabo e no que se facilita información e recursos para criar en galego.

Todas aquelas familias que queiran formar parte do proxecto poderán poñerse en contacto co Servizo de Normalización Lingüística a través do correo electrónico lingua@oleiros.org, do teléfono 981 610 000 ext. 4905 ou na Fábrica, en Perillo.



As bibliotecas municipais acollerán 45 actividades para nenas e nenos desde setembro a novembro

◆ Desde o 21 de setembro e ata o 30 de novembro, as bibliotecas municipais de Oleiros acollerán 45 actividades de promoción da lectura dirixidas a nenas e nenos de 1 a 12 anos. Esta intensa programación desenvolverase nas sete bibliotecas municipais e incorpora desde os tradicionais contacontos, nos que os contadores narrarán un ou varios contos cun enfoque lúdico e unha vivencia activa e participativa cos libros, ata actividades de maxia, monicreques, taller de ilustración, creación de fósiles de dinosauros, realización de experimentos científicos, obradoiros de encadernación, presentación de libros, etc. Todas estas actividades están pensadas para fomentar a lectura e difundir os libros, pero tamén para estimular a imaxinación e a creatividade. O calendario poderá consultarse no apartado de Cultura da páxina web municipal www.oleiros.org.

As tertulias literarias para adultos reanudaránse despois do verán



◆ Os obradoiros de lectura e as tertulias literarias para persoas maiores de 16 anos continuarán realizándose quincenalmente, cada dous mércores, na Biblioteca Central de Perillo, unha vez remate o verán. A Biblioteca Rosalía de Castro de Santa Cruz tamén acollerá outro grupo desta actividade. O prazo de inscrición para este novo curso abrirase o 27 de setembro. As persoas interesadas poden apuntarse a través da web municipal www.oleiros.org, chamando ao 981 639 511 ou presencialmente nalgunha das dúas bibliotecas.

Alfaroleiros, moito máis que unha mostra

Os mellores oleiros da península e a ampla programación de actividades converten a feira nun reclamo para milleiros de persoas

■ A XXII edición da feira Alfaroleiros terá lugar un ano máis no parque Luis Seoane de Santa Cruz entre o mércores 3 e o domingo 7 de agosto. Esta mostra, única en todo o territorio español, ofrece o mellor da olería tradicional e unha chea de actividades lúdicas e culturais para todos os públicos que converten a Santa Cruz nun lugar de referencia para miles de visitantes.



◆ Alfaroleiros converteuse co paso dos anos nun importante atractivo turístico do municipio. A afluencia masiva de visitantes supón unha inxección económica considerable para a hostalería e o comercio local. Coa organización desta feira, o Goberno municipal tamén persegue a defensa dos oficios tradicionais fronte ás tendencias globalizadoras que condenan á desaparición as producións artesanais.

O horario de exposición das pezas será de 10:00 a 22:30 horas. Durante

ese tempo os oleiros participantes, os mellores nas súas respectivas zonas de procedencia, ensinarán e venderán as súas creacións e realizarán diversas demostracións. Ademais, o alumnado do obradoiro de olería do Concello de Oleiros tamén exporá os seus mellores traballos.

As actividades culturais e de ocio previstas para esta edición de Alfaroleiros terán lugar no parque Luis Seoane e na praza Esther Pita.

PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES

• Mércores 3 de agosto

- 19.00 h **Obradoiro de olería** para nenos e nenas impartido polos ceramistas Antón Román e Susana Gonzalez, da Asociación Galega da Cerámica.
- 21.00 h **Concerto da Banda da Escola Municipal de Música** do Concello de Oleiros.

• Xoves 4 de agosto

- 19.00 h **Ginkana** onde participará o alumnado do obradoiro infantil de olería de verán.
- 19.30 h **Os Xogos do Paporrubio**: compendio de xogos autónomos e animados de temática agraria.
- 22.15 h **Proxección** de cine de verán: "Maléfica".

• Venres 5 de agosto

- 19.30 h **Os Xogos do Paporrubio**: compendio de xogos autónomos e animados de temática agraria.
- 20.30 h **Teatro dos Ghazafellos** presenta o seu espectáculo teatral rúa "As mil e unha noites", dirixido a un público familiar, a partir de 5 anos.

• Sábado 6 de agosto

- 20.00 h **A compañía Circo Chosco** presenta o seu espectáculo Forzu2, un espectáculo de malabares, acrobacias aéreas e clown dirixido a un público familiar).

• Domingo 7 de agosto

- 21.00 h **Peche da Feira** co concerto da agrupación **Hot Chocolates**.



O outono chegará con boa música e teatro

■ O mes de outubro retómase a programación teatral e musical do Concello de Oleiros. O auditorio Gabriel García Márquez e o centro cultural A Fábrica seguirán sendo os escenarios dunha programación que mantén a calidade en todos os espectáculos.

● **Fado Violado**

Sábado 1 de outubro

ás 20:30 horas

Auditorio do centro cultural A Fábrica

Fado Violado é unha formación que mestura maxistralmente dous estilos aparentemente ben distantes, o fado e o flamenco. Ana Pinhal e Francisco Almeida, ambos naturais da cidade de Porto, crearon este conxunto en 2008 que chega a Oleiros para ofrecer o mellor da súa música.

■ Entradas á venda desde as 19:30 horas, ata completar a capacidade da sala.



● **Maureen Choi Quartet**

Sábado 15 de outubro

ás 20:30 horas

Auditorio do centro cultural A Fábrica

Espectacular e sofisticado concerto de Latin Jazz do afamado grupo madrileño **Maureen Choi Quartet**. Realizan unha extraordinaria mestizaxe fundamentada no jazz americano, na música latinoamericana e na música clásica europea.

■ Entradas á venda desde as 19:30 horas, ata completar a capacidade da sala.



● **Jouni Koskimäki & Highregisterorchestra**



Venres 7 de outubro

ás 21:00 horas

Auditorio do centro cultural A Fábrica

O de **Jouni Koskimäki & Highregisterorchestra** será un concerto de estilos amplos que irá desde a música tradicional do ártico finlandés ata os ritmos dos Bal-

cáns; desde o jazz á beleza das diferentes músicas étnicas, incorporando arranxos modernos.

■ Entradas á venda desde as 20:00 horas, ata completar a capacidade da sala.

● **Eroski Paraíso**



Sábado 22 de outubro

ás 20:30 horas

Auditorio Gabriel García Márquez

Chévere Teatro presenta Eroski Paraíso, a historia de alguén que non parou en ningures

para volver ao mesmo punto de partida, como se tivese estado parado exactamente no mesmo lugar mentres todo se transformaba ao seu arredor. Unha maneira de retratar o desarraigo da nosa sociedade.

■ Entradas á venda desde as 19:30 horas, ata completar a capacidade da sala.

● **Black Bistage 1**

Sábado 8 de outubro

ás 20:30 horas

Auditorio do centro cultural A Fábrica

Black Bistage 1 chegaranos no seu concerto á música Soul, a esa música de voces negras que alimentan a alma e a sensibilidade e que, a día de hoxe, tan só podemos escoitar, na súa maioría, en vellas gravacións.

■ Entradas á venda desde as 19:30 horas, ata completar a capacidade da sala.



● **O tolleito de Inishman**

Sábado 29 de outubro

ás 20:30 horas

Auditorio Gabriel García Márquez

Contraproducións S.L. recrea un espectáculo de gran formato con 8 actores de prestixio, potente escenografía, música emocionante e iluminación atractiva. O público sentirase atrapado polo humor e a tenrura dun teatro tan entrañable e tan noso coma o irlandés.

■ Entradas á venda desde as 19:30 horas, ata completar a capacidade da sala.



A TÚA CASA

NON QUEDA TAN LONXE DO MAR

non botes produtos hixiénico-sanitarios polo inodoro

PENSA EN VERDE, ACTÚA EN AZUL



TRIBUNA ABERTA

■ *Este é un espazo de participación cidadá onde se pode opinar sobre o tema que se desexe. Os textos son reproducidos de forma íntegra. Recorda que a extensión máxima debe ser de 1.000 caracteres. Se queres participar nesta sección do próximo Vivir escribenos ao enderezo electrónico comunicacion@oleiros.org*

Unha gran obra

Para os veciños que vivimos entre Cabreira e Lourido as obras que se están facendo son moi importantes. Levabamos anos pedindo que se construíran unhas beirarrúas nesta zona para poder movernos con tranquilidade e seguridade e por fin se está facendo. A verdade é que tal e como están avanzando os traballos atreveríame a dicir que van quedar realmente ben. Dígoo principalmente polo amplitude, que permitirá crear un gran paseo, con árbores e zona verde, como teñen na zona de Bastiagueiro. Para facer esta obra, moitos veciños cedimos parte dos nosos terreos. Creo que é unha decisión acertada, porque as nosas casas e a nosa vida revalorízase moito con esta obra. Alégrome moito de que pensemos que o ben común repercute na nosa vida diaria.

A.F. (Dorneda)

A oposición de Oleiros

Nestes tempos de crise global paréceme oportuno facer unha comparación da nosa oposición na Corporación Municipal de Oleiros con ela. Semella contaxioso. Vírico. Os comportamentos dos grupos políticos a nivel estatal, autonómico, provincial ou local duns e doutros son un calco. Nada brillantes e faltos de sensibilidade co pobo que é o SOBERANO. Corruptelas, demagoxias, incumprimentos programáticos, falsidade nos compromisos etc., son a constante de todos eles. Polo que nos toca no noso Concello unha das armas que máis esgrimen é a falla de transparencia democrática do Goberno e do seu alcalde á fronte. Vivín a ditadura franquista, tamén a Transición, o nacemento das autonomías etc., e nunca, ata que chegou a gobernar a Alternativa dos Veciños, os Plenos foron transmitidos pola radio. Asisto practicamente a todos e gozo sabendo e seguindo os debates e os seus acordos. Teño que dicir que as formulacións que fan, tanto o PP coma o PSOE, raramente avalían o ben de Oleiros senón que adaptan a súa postura aos intereses do partido e así o fan patente co seu voto. Ás veces dá noxo o descoñecemento que teñen do que é unha moción, un rogo ou unha pregunta.

Estou canso de escoitar sempre a mesma cantilena cando reclaman espazos na radio municipal. Refírense a "FÍO ABERTO". Este programa, igual que "VIVIR en OLEIROS" e os paneis luminosos, son recursos que se usan para informar permanente do día a día aos veciños e palían o baleiro que os medios de comunicación exercen con Oleiros. Debo matizar que quen alí fala e contesta calquera pregunta é o alcalde como institución non como presidente

do Grupo da Alternativa dos Veciños. Tamén no periódico teñen asinado un espazo de opinión que ás veces desprezan sen valorar que esta decisión pode ofender os seus votantes ou afiliados.

Tristísima Tristana, decepcionante. Unha deputada nacional cunha folla de ruta moi limitada. O representante do PSOE moi plano e que ás veces reclama obras xa rematadas. O único que se salva da queima é o BNG.

Rita la Cantora. Montrove (Liáns)

Unha homenaxe aos nosos maiores

O día 4 de xuño tivo lugar un ano máis a romaría das Merendiñas, nas Torres de Santa Cruz.

Para o que non o saiba, esta é unha romaría que se fai en homenaxe aos nosos vellos, que por un día se desquitan do réxime que, por unha cousa ou por outra, quen máis, quen menos, ten que seguir, mentres aproveitan para compartir a xornada cos veciños e botar algún baile.

Non sei porque as actividades que se realizan para os vellos sempre se tinxen dunha sospeita de oportunismo ou electoralismo; os nosos vellos non son tontos, ou polo menos, non máis ca o resto das persoas (noutras culturas incluso se consideran sabios), e cadaquén terá as súas ideas e a súa ideoloxía, así que por moitas Merendiñas que se fagan, hoxe case ninguén se vende por un anaco de empanada. As Merendiñas, que se non me equivoco, saíron do maxín da nosa querida Esther Pita, son unha maneira de agasallar a un colectivo de persoas moi vulnerable, nunha etapa da vida na que, despois de loitar moito por facer unha vida e por sacar unha familia adiante, moitas veces se atopan sos, enfermos..., nun mundo que vai demasiado rápido para eles.

As persoas que hoxe teñen 70, 80, 90 anos, viviron épocas moi duras e co seu esforzo, moitos traballando dende nenos, conseguiron deixarnos aos seus fillos e netos un mundo mellor.

Por iso, penso que todas as homenaxes, festas e viaxes que se organicen para os nosos maiores están totalmente xustificadas e non pagan en absoluto todo o que eles fixeron por nós.

M.J. Santos (Santa Cruz)

Retiradas de niños

Un día de casualidade, no regreso dun paseo, vin moi preto da miña casa dous niños de avespas asiáticas. A miña reacción foi chamar inmediatamente ao Concello para que os viñeran retirar. Quería agradecer o trato que me ofreceron as persoas coas que falei por teléfono e

tamén quero felicitar os membros de Protección Civil que viñeron a retirar os niños. Tampouco son unha experta, pero creo que ademais de facelo ben, foron moi rápidos. Desde a miña chamada ata que viñeron pasou un día.

Agora estou un pouco máis tranquila, principalmente porque temos nenos na casa e sobre todo me preocupaba que puidesen sufrir unha picadura que segundo din, ademais de perigosas, son moi dolorosas.

Lucía G. (Nós)

Moito máis que unha praia

Bastiagueiro é a única praia de Galicia que recibiu durante 30 anos seguidos a bandeira azul. A de Miño tamén estaba na mesma situación, pero acaba de perder a bandeira pola falta de socorristas. Unha situación provocada por eses cursos tan caros que como lle escoitei dicir ao noso alcalde fan que a xente non se poida apuntar, o cal deberían cambiar urxentemente para que haxa socorristas dispoñibles e as nosas praias non queden desatendidas.

Pero falando de Bastiagueiro, que a nosa sexa a única praia galega con esta bandeira durante 30 anos, invita a unha reflexión sobre todo o que hai detrás disto. Bastiagueiro é moitísimo máis que unha praia. Está ategada de xente ata nos peores meses de inverno, as zonas verdes que hai na contorna do areal son puntos de encontro e convivencia de familias e grupos de amigos que buscan algo máis que tomar uns raios de sol, hai tamén unha pista de tenis pública, un skate-park, unha casa municipal en primeira liña que calquera veciño pode utilizar... É increíble, pero certo.

M. L. (Iñás)

A favor da ORA

Leo prensa, comentarios en redes sociais etc., e parece que ninguén quere a ORA en Oleiros. Eu estou seguro de que non é así, pois sen ir máis lonxe eu son partidario de que exista este sistema para aparcar.

Eu estou encantado nos meses de verán porque nesta época poden facer calquera xestión en Santa Cristina sen ter que dar 50.000 voltas para atopar un sitio onde poder deixar o coche. E é máis, creo que nun lugar tan urbano como é a día de hoxe Santa Cristina, deberían ir pensando en manter a ORA durante todo o ano. Sería moi cómodo para moitas persoas que se atopan nunha situación como a miña, que teñen que andar dun sitio para outro e que perder moito tempo buscando sitio supón un trastorno importante.

Antonio Fernández (Montrove)

Teléfono do Veciño

Toda a información de 8 da mañá a 8 da tarde ininterrompidamente

981 610 000

Concello de Oleiros 981 610 000

Policía Local (24 horas)	981 610 001
Garda Civil de Oleiros	981 610 067
Garda Civil urxencias	062
Xulgado	981 610 824
Servizo de augas	981 610 602
Mercado municipal	981 638 158
Recadación municipal	981 635 603
Ofic. Consumidor (Omic)	981 610 000 ext.1274
C. Recuper. fauna salvaxe	981 626 241
Urxencias médicas (24 horas)	061
Centro Urxencias Sta. Cruz	981 614 901
Centro Saúde Perillo	981 638 731
Centro Saúde Sta. Cruz	981 626 768
Centro Saúde de Oleiros	981 082 188
Casa do Mar de Mera	981 628 544
Protección Civil	981 636 933

Centros municipais de actividades

Centro Cultural A Fábrica	981 636 598
Centro Cívico de Sta. Cruz	981 626 497
Casa do Pobo de Mera	981 617 662
Casa do Pobo de Iñás	981 631 240
Casa do Pobo de Nós	981 664 257
Casa do Pobo de Dexo-Lorbé	981 618 201
Centro Cultural de Montrove	981 639 422
Casa da Cultura de Perillo	981 636 555
Centro de Información Xuvenil	981 636 598
Museo Oleiros J.M.Kaydeda	981 626 692
Castelo de Sta. Cruz	981 630 618
Aula do Mar / Faros de Mera	981 618 154
Escola Municipal de Danza	981 639 688
Escola Municipal de Música	981 639 143
Centro de Lecer Portaberta	981 614 083
Complexo deportivo de Oleiros	981 611 338
Complexo deportivo de Perillo	981 634 030
Complexo deportivo de Dorneda	981 614 430
Piscina Municipal da Fábrica	981 639 506

Centros educativos

CMF Isaac Díaz Pardo	981 631 706
El A Pardela / Os Regos	981 631 788
El As Galeras / Bastiagueiro	981 648 446
EIM A Canteira / Perillo	981 977 921
IES Neira Vilas / Perillo	981 638 903
IES Miraflores / Oleiros	981 631 615
IES Mª Casares / Bastiagueiro	981 626 344
CEIP Luis Seoane / Mera	981 617 130
CEIP Parga Pondal / Sta. Cruz	981 614 976
CEIP Valle Inclán / Perillo	981 636 754
CEIP A Rabadeira / Oleiros	981 610 023

Bibliotecas

Central Rialda / Perillo	981 639 511
Rosalía de Castro / Sta. Cruz	981 626 338
María José Trincado / Mera	981 628 507
Mª José Ruso / Dorneda	981 626 638
Manuel María / Oleiros	981 610 700
Ánxel Fole / Nós	981 664 257
Xograr Mendiño / Dexo-Lorbé	981 618 201
F. García Lorca / Montrove	981 639 515

Transportes

En Oleiros TAXI a domicilio no **981 243 333**

Horarios Cal Pita

Aeroporto de Alvedro **981 187 200**

Estación autobuses A Coruña **981 184 335**

Estación FFCC San Cristovo **902 240 202**

1 > A Coruña > Fonteculler > O Burgo > San Pedro <	Laborables Ida 6:45 ■ 6:55 ■ 7:10 ■ 7:25 ■ 7:35 ■ 7:45 a 21 cada 15' ■ 21:30 a 22:30 cada 30' Volta 7 a 21 cada 15' ■ 21:30 a 22:30 cada 30' Sábados Ida 7:10 ■ 7:40 ■ 8-22:30 cada 30' Volta 7:30 a 22:30 cada 30' Dom+fest Ida 7:10 ■ 7:40 ■ 8 a 22:30 cada 30' Volta 7:30 a 22:30 cada 30'
2 > A Coruña > Perillo > Montrove > Os Regos > Oleiros <	Laborables Ida 7:05 a 22:05 cada hora. Volta 7:35 a 22:35 cada hora Sábados Ida 8:05 a 20:05 cada hora. Volta 8:35 a 20:35 cada hora Dom+fest Ida 10:05 a 20:05 cada hora. Volta 10:35 a 20:35 cada hora
2a > A Coruña > Perillo > Montrove > Os Regos > Oleiros > Soñeiro <	Laborables Ida 7:05. Volta 7:30 Sábados Ida 8:05 ■ 14:05. Volta 8:30 ■ 14:30 Dom+fest Ida 10:05 ■ 14:05. Volta 10:30 ■ 14:30
2b > A Coruña > Perillo > Montrove > Os Regos > Oleiros > Pousada <	Laborables Ida 16:05. Volta 16:35 Sábados Ida 16:05 ■ 19:05. Volta 16:35 ■ 19:35 Dom+fest Ida 16:05 ■ 19:05. Volta 16:35 ■ 19:35
3 > A Coruña > Perillo > Nos > O Carballo > Oleiros > Sada <	Laborables Ida 6:55 a 20:55 cada hora ■ último ás 22. Volta 6:55 a 21:55 cada hora Sábados Ida 6:55 a 20:55 cada 2 horas. Volta 7:55 a 21:55 cada 2 horas Dom+fest Ida 8:55 ■ 10:55 ■ 13:05 ■ 14:55 a 20:55 cada 2 horas. Volta 9:55 a 21:55 cada 2 horas
4 > A Coruña > Perillo > Sta. Cruz > Arillo > Sada <	Laborables Ida 6:25 a 21:25 cada hora. Volta 6:25 a 21:25 cada hora Sábados Ida 6:25 ■ 8:25 a 20:55 cada hora ■ Último ás 22. Volta 7:25 a 21:25 cada hora Dom+fest Ida 8:25 a 20:25 cada hora ■ Último ás 22. Volta 8:25 a 21:25 cada hora
6 > A Coruña > Perillo > Sta. Cruz > Arillo > Rialta <	Laborables Ida 6:50 ■ 7:10 ■ 13:05 ■ de 7:40 a 20:40 cada hora ■ De 8 a 12 cada hora ■ De 14 a 20 cada hora ■ Último ás 22. Volta 7:10 a 21:10 cada hora ■ De 7:30 a 19:30 cada hora ■ 20:50 ■ 22:30 Sábados Ida 8:50 ■ 9:40 a 20:40 cada hora. Volta 9:10 a 21:10 cada hora Dom+fest Ida 9:40 a 20:40 cada hora. Volta 10:10 a 21:10 cada hora
6a > A Coruña > Perillo > Sta. Cruz > Arillo > Rialta > Dorneda > Pousada > Oleiros > Soñeiro <	Laborables Ida a Oleiros 8 ■ a Soñeiro 20 Volta a Oleiros 8:40 ■ a Soñeiro 20:40
6b > A Coruña > Perillo > Sta. Cruz > Franzomel > Dorneda > Pousada > Oleiros > Soñeiro <	Laborables Ida a Soñeiro 13:10. Volta de Soñeiro 13:50 Sábados Ida a Oleiros 11 ■ 21:10. Volta de Oleiros 11:30 ■ 21:45 Dom+fest Ida a Oleiros 10:20 e 13:10. Volta de Oleiros 10:45 ■ 13:35
VERÁN > A Coruña > Perillo > Sta. Cruz <	Sábados+dom+fest Ida 10 a 21 cada hora Volta 10:30 a 21:30 cada hora
VERÁN > A Coruña > Perillo > Sta. Cristina <	Luns a domingos Ida 10:20 a 20:20 cada hora Volta 10:50 a 20:50 cada hora



35.291 habitantes empadroados/as!

Ata o 18 de xullo, o padrón do Concello distribuído por parroquias é:

DEXO (Santa María)	1.357
DORNEDA (San Martiño)	3.451
IÑÁS (San Xurxo)	1.211
LIÁNS (Santa Eulalia)	10.218
MAIANCA (San Cosme)	1.375
NÓS (San Pedro)	4.758
OLEIROS (Santa María)	2.964
PERILLO (Santa Leocadia)	8.393
SERANTES (San Xulián)	1.564
TOTAL	35.291

FARMACIAS DE GARDA

Datas

<ul style="list-style-type: none"> MARTA DE SAN IGNACIO GIL DE LA PEÑA Urbanización Os Regos-Isaac Díaz Pardo, nº 4 (Liáns) ● Teléfono: 981 614 184 PABLO DURÁN LOSADA Rúa Viñas de Babilonia, nº 8 (Liáns) ● Teléfono: 981 923 845 PEDRO JOSÉ IGLESIAS PASTORIZA Avda. Ernesto Ché Guevara, nº 16 (Perillo) ● Teléfono: 881 963 932 JAVIER SUÁREZ NEIRA Rúa Golfiño, nº 121 (Dexo) ● Teléfono: 981 628 165 LAURA PEÑALVER GARCÍA Avda. As Mariñas, nº 54 (Parque comercial de Iñás) SANTIAGO MAIZ CAL Rúa Camilo Díaz Baliño, nº 1- A (Oleiros) ● Teléfono: 981 610 027 MARTA VIGUERA MOSQUERA Mera-Rúa Miramar, nº 4 (Serantes) ● Teléfono: 981 617 937 JOSE CARLOS PIN PEREIRAS Avda. Rosalía Castro, nº 247 (Perillo) Mª ROSA CATRUFO FERREÑO Avda. das Mariñas, nº 247 (Nós) ● Teléfono: 981 663 890 FERNANDO JOSÉ RODRÍGUEZ GARFIA Santa Cruz-Rúa Francisco Comesaña, nº 4-6 (Liáns) ● Teléfono: 981 614 503 Mª TERESA LEMA ESPASANDÍN Arillo-Avda. República Argentina, nº 95 (Dorneda) ● Teléfono: 981 648 440 	<p>Do 15 ao 21 de xullo Do 30 de setembro ao 6 de outubro</p> <p>Do 22 ao 28 de xullo Do 7 ao 13 de outubro</p> <p>Do 29 de xullo ao 4 de agosto Do 14 ao 20 de outubro</p> <p>Do 5 ao 11 de agosto Do 21 ao 27 de outubro</p> <p>Do 12 ao 18 de agosto Do 28 de outubro ao 3 de novembro</p> <p>Do 19 ao 25 de agosto Do 4 ao 10 de novembro</p> <p>Do 26 de agosto ao 1 de setembro</p> <p>Do 2 ao 8 de setembro</p> <p>Do 9 ao 15 de setembro</p> <p>Do 16 ao 22 de setembro</p> <p>Do 23 ao 29 de setembro</p>
---	--

Querida lúa

O ciclo da lúa

Chea	18 agosto / 16 setembro / 16 outubro
Mingua	27 xullo / 25 agosto / 23 setembro
Nova	2 agosto / 1 setembro / 1 outubro
Medra	10 agosto / 9 setembro / 9 outubro

Unha nova rotonda desconxestionará o tráfico no centro de Santa Cruz ▼

• *O Concello entregalle os terreos á Xunta de Galicia para que realice a obra*



◆ O plan xeral de ordenación municipal aprobado en Oleiros destina o espazo que ocupaba anteriormente a gasoleneira ubicada no centro de Santa Cruz a fins viarios, para desconxestionar as retencións de tráfico que se producen nesa zona. Hai que subliñar que esta actuación afecta á poboación de Santa Cruz pero tamén, de xeito moi importante, a todos os veciños e veciñas do norte do municipio e aos numerosos visitantes que acoden ás praias de Oleiros. Segundo as medicións oficiais, a media de vehículos que circulan cada día por este punto da estrada é de 22.469 e o actual sistema de semáforos existente provoca importantes atascos.

O Concello de Oleiros contratará nas próximas semanas por 19.360 euros a redacción do proxecto para a construción da rotonda, que estará situada na confluencia das rúas Concepción Arenal, Ricardo Cubeiro e da avenida Emilia Pardo Bazán. Simultaneamente, o Concello iniciará os trámites para cederlle os terreos á Xunta de Galicia para que unha vez estea concluído

Os 22.469 vehículos que circulan a diario por este cruce veranse beneficiados coa realización desta infraestrutura

o proxecto o organismo autonómico contrate a obra para levar a cabo os traballos canto antes, tal e como se comprometeu o presidente da Xunta co alcalde de Oleiros na xuntanza que mantiveron o pasado mes de xaneiro.

Ademais da rotonda, o proxecto incorporará a creación dunha zona de estacionamento para vehículos que ampliará notablemente as posibilidades de aparcamento no centro de Santa Cruz. Outras das novidades que incluírá o proxecto será a creación dunha parada de autobús que substituirá á existente actualmente uns poucos metros máis arriba deste cruce -á man dereita dirección Mera-.